



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA DECLARAR AS INSTALACIÓNS DA ANTIGA COOPERATIVA DE LEIRO COMO PATRIMONIO INDUSTRIAL DE GALICIA**.

A Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, recolle no seu artigo primeiro que “esta lei ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras”. Tamén engade que “está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, **industrial**, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo”.

O patrimonio industrial está integrado, segundo o recollido no artigo 103 desta lei, por “bens mobles e inmobles e os territorios e paisaxes asociados que constitúen testemuños significativos da evolución das actividades técnicas, extractivas, tecnolóxicas, da enxeñaría, produtivas e de transformación cunha finalidade de explotación industrial (...)”.

A primeira noticia do proxecto de crear unha cooperativa do viño en Leiro, na comarca vitivinícola máis antiga e importante de Galicia, atopámola na prensa do 23 de abril de 1935 no diario *El Pueblo Gallego*.

En 1934 a situación no Ribeiro no que se refire ao mercado do viño era moi preocupante, xa que non se vendía e os prezos non cubrían os custes do cultivo. Mesmo se estudou arrincar as vides para proceder a súa substitución polo tabaco, mais a insistencia de técnicos de viticultura e enoloxía procedentes de Cataluña e Madrid que apostaron pola unión a través do cooperativismo, fixeron que, a grazas á formación en técnicas sobre avances en enoloxía e viticultura xurdira, no verán de 1934, unha iniciativa para a creación de dúas cooperativas. Unha naceu na ribeira do río Miño e outra na ribeira do Avia.

O primeiro paso dáse en decembro de 1934, cando o Concello de Leiro cede ao Sindicato Comarcal Ribeiro do Avia un campo experimental agrícola, supervisado polo enxeñeiro agrónomo, Marciano Martínez Anguiano e ao seu axudante, José Benito Vázquez Gil, co apoio do exvicepresidente da Deputación de Ourense, José Torres Pintos. Neste campo os viticultores reciben formación actualizada en viticultura, enoloxía e cooperativismo.

O 15 de xaneiro de 1936, *El Pueblo Gallego* informa que deron os pasos para poñer en funcionamento a primeira cooperativa vinícola de Leiro, cunha axuda económica da Junta Nacional del Paro de 120.000 pesetas para a construción, convocando tamén unha reunión



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

de asociados para escoller o emprazamento definitivo da adega. Mais a Guerra Civil paraliza o proxecto.

No 1952 dáse o impulso definitivo. Os viticultores das zonas situadas nas beiras do Avia agrúpanse para por en marcha a Cooperativa do Ribeiro do Avia. O impulsor da cooperativa foi o entón gobernador civil de Ourense, José Luis Albert Rodríguez, xunto a Enrique Álvarez Simón, presidente da Irmandade de Labradores de Leiro. Finalmente constrúese en San Pedro a Adega Cooperativa Sindical do Ribeiro do Avia. A obra correu a cargo do enxeñeiro industrial de Logroño, Estanislao López Romero. A supervisión da calidade dos viños estivo inicialmente a cargo do practicante de Cirurxía e Medicina de Leiro, Joaquín Manuel Rey Alvite Feás.



A inauguración desta primeira cooperativa de Galicia foi o 22 de novembro de 1953. Neste proxecto participaron colleiteiros e viticultores de Gomariz, Vieite, Leiro, San Cristóbal, Beade, Beariz, San Lorenzo de Pena e San Clodio. Formada inicialmente por 252 socios, o primeiro presidente foi Emilio Eiján Lorenzo (xuíz municipal de Leiro); o primeiro secretario, Enrique Álvarez Simón (avogado e concelleiro en Leiro), e o primeiro xerente, Higinio Abad Carreiro (colleiteiro de Barciamedelle en Leiro). Nesta época destaca tamén o importante papel do cura-párroco de San Lorenzo de Pena, José Pérez González.

En 1964 celebrouse a primeira Feira do Viño do Ribeiro, co obxectivo de enxalzar a calidade dos viños. Neste evento participa a Cooperativa de Leiro, xa consolidada no mercado, a contar con depósitos nas principais cidades galegas e tamén no estranxeiro, concretamente en Panamá Colombia.

A xunta reitora da Cooperativa Nosa Señora do Portal do Ribadavia (actual Viña Costeira) reuníase en asemblea extraordinaria en 1968, para tratar a fusión coa Cooperativa de Leiro. O principal obxectivo era unir esforzos para afrontar novos retos. A proposta foi aprobada e así naceu a Bodega Cooperativa do Ribeiro, sendo o primeiro presidente, Eulogio Gómez Franqueira. Acolleu 1.500 colleiteiros cunha produción de 140.000 hectolitros anuais e unha facturación que superaba os 100 millóns de pesetas.

Na actualidade, en Galicia contamos con máis de medio millar de bens de patrimonio industrial repartidos pola nosa xeografía, mais aínda se está a traballar para rematar a súa catalogación, segundo manifesta a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, onde existen fábricas de cerámica, muíños, minas, fábricas de salazón ou conservas, etc.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

O Plan Nacional de Patrimonio Industrial, na súa actualización de 2016, recoñecía e recollía no seu anexo elementos industriais en Galicia como os viadutos ferroviarios ‘Madrid’ e ‘Pontevedra’ en Redondela; o estaleiro no Arsenal Militar de Ferrol; a central hidroeléctrica do Tambre en Noia; o poboado mineiro de Fontao en Vila de Cruces; a fábrica de conserva e factoría baleeira Massó en Cangas e Bueu e tamén o complexo siderúrxico e cerámico de Sargadelos en Cervo.

De feito, algúns deses elementos patrimoniais forman tamén parte das ‘Experiencias de turismo industrial en Galicia’, dentro do auxe que está a ter o turismo industrial na nosa comunidade, destacando a ruta da construción naval en Ferrol; a ruta conserveira en Ortigueira; o Museo Masso en Bueu; as salgadeiras de Moreiras no Grove; os fornos da Pontenova ou a fábrica de Sargadelos en Cervo. Isto evidencia o importante potencial dinamizador económico e social que ten este segmento turístico.

O turismo industrial comezou tarde en Galicia en relación con outros puntos da península ibérica, pero actualmente está en alza. Basta fixarse na proposta de ‘Mega’, de Estrella Galicia ou nos programas de enoturismo en adegas de toda a comunidade. Experiencias que, ademais, son combinables con outros plans gastronómicos, artísticos ou culturais.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Xunta de Galicia a iniciar os trámites, acordos ou negociacións necesarias para declarar as instalacións da antiga cooperativa de Leiro como patrimonio industrial ao amparo da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.
2. Instar á Deputación Provincial de Ourense e ao Concello de Leiro a impulsar un proxecto de rehabilitación integral do edificio da antiga cooperativa de Leiro e a súa contorna, cun uso parcial para actividades culturais e educativas durante todo o ano, excepto durante a vendima.
3. Instar á Deputación Provincial de Ourense e ao Concello de Leiro a acordar un proxecto de cooperación coa Facultade de Historia do Campus Universitario de Ourense para documentar, entre os veciños e veciñas das distintas parroquias implicadas na creación desta adega, a súa historia cotiá mediante fotografías, testemuñas ou obxectos, que poidan ser expostos nunha sala da edificación, ilustrando así as orixes da primeira cooperativa vitivinícola de Galicia.

En Ourense, a 13 de abril de 2022.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE